

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MUGARDOS

*Bases para a contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición libre, de técnicos/as de información turística para a oficina de turismo do concello de Mugardos e elaboración dunha bolsa de traballo*

#### ANUNCIO

#### **BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO – OPOSICIÓN LIBRE, DE TÉCNICOS/AS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA PARA A OFICINA DE TURISMO DO CONCELLO DE MUGARDOS E ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO.**

Pola Resolución da Alcaldía núm. 2022-0518, de 31.05.2022, acordouse aprobar as Bases para a contratación laboral temporal, mediante concurso – oposición libre, de técnicos/as de información turística para a oficina de turismo do Concello de Mugardos e elaboración dunha bolsa de traballo, cuxo texto se transcribe de seguido:

#### **BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO – OPOSICIÓN LIBRE, DE TÉCNICOS/AS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA PARA A OFICINA DE TURISMO DO CONCELLO DE MUGARDOS E ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO.**

##### 1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA:

É obxecto da presente convocatoria a contratación de dous Técnicos/as de información turística para a Oficina de Turismo do Concello de Mugardos e a elaboración dunha bolsa de traballo para as posibles contratacións laborais temporais de Técnicos de Información, ao amparo do disposto no Texto Refundido do Estatuto dos traballadores – R.D. Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro - cuxas funcións serán propias do posto de Técnico/a de información turística

##### 2.- PERÍODO E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN:

As contratacións terán un carácter laboral temporal de duración determinada (catro meses). A xornada será de 37,5 horas semanais de luns a domingo cos descansos que establece a lei. A modalidade de contrato será de duración determinada por circunstancias da produción

A praza está dotada coas retribucións básicas correspondentes ao grupo A2, nivel complemento de destino 16 e o correspondente complemento específico.

Fíxase unha retribución bruta mensual de 2054,22 euros, correspondente á xornada completa por todos os conceptos salariais excluídas as percepcións de devengo superior ao mes e os conceptos que se deriven da correspondente liquidación por finalización de contrato

##### 3.- SISTEMA DE SELECCIÓN

A selección das persoas candidatas será polo sistema de concurso - oposición

##### 4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES:

Para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo elo nos termos do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Os estranxeiros aos que se refiren os apartados anteriores, así como os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois

c) Ter cumpridos dezaseis anos de idade, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa

d) Estar en posesión de algún dos seguinte títulos ou estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, de conformidade co previsto na base específica 2ª.- Obxecto específico do programa, da convocatoria do programa da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 18 do 27 de xaneiro de 2022) :

- a. Técnico superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente
- b. Técnico en Empresas e Actividades Turísticas ou equivalente
- c. Grao ou Diplomatura en turismo ou equivalente homologado
- d. Dobre grao en Ciencias Empresariais e Turismo
- e. Grao ou licenciatura en Historia da Arte.
- f. Grao ou licenciatura en Humanidades
- g. Grao ou licenciatura en Xeografía e Ordenación do Territorio
- h. Grao ou licenciatura en Historia

- e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que se desempeñan no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- f) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desenvolvemento das correspondentes funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta.

Os/as aspirantes con algunha capacidade diminuída terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa da discapacidade. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

Todos os requisitos esixidos nestas bases deberanse cumprir polas persoas aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento de formalización do contrato.

No suposto de que non acrediten estes requisitos, os solicitantes decaerán en tódolos seus dereitos e quedarán excluídos da convocatoria.

#### 5.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1. O medio preferente de presentación de solicitudes será a través da sede electrónica do Concello de Mugardos (<https://mugardos.sedelectronica.gal>) utilizando o formulario de solicitude xeral dispoñible na sede xunto co Anexo II (modelo que se inclúe nestas bases) e a documentación correspondente. Cando a presentación se realice a través da sede electrónica os arquivos que se anexen deberán ser, preferentemente en formato pdf e reducir ao máximo o número de arquivos anexados. A presentación de solicitudes poderá facerse tamén no Rexistro Xeral do Concello de Mugardos ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; as solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso os/as aspirantes deberán comunicalo mediante telegrama, telefax ou ao enderezo electrónico: correo@mugardos.gal durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública

2. O prazo de presentación de documentación será de 5 días hábiles que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no BOP

As solicitudes presentaranse no modelo de instancia Anexo II que figura nas presentes bases e irán acompañadas da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI
- Xustificante acreditativo de ter ingresado na conta corrente ES98 – 2080 – 0205 – 7331 – 1000 – 0032 ABANCA, a cantidade de 15 euros (Artigo 4. Cuota tributaria, epígrafe 5.3 Dereitos de exame. Ordenanza fiscal número 9 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos)

Estarán exentos do pago dos dereitos de exame as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% (para o que deberá presentar o certificado de minusvalía correspondente) e para aquelas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, ao menos, de un mes anterior á data da convocatoria das probas selectivas nas que solicite a súa participación (para o que deberá presentar a certificación xustificativa expedida polo Servizo Público de Emprego correspondente).

- Segundo o artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na administración pública, incluírase un exame de galego, agás para aqueles aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente, mediante a presentación do certificado **Celga 4** ou Perfeccionamento á lingua Galega como mínimo (Requisito que deberá acreditar coa presentación da copia do mesmo)
- Currículo vitae, no que se fará constar a formación e experiencia profesional relacionadas co posto que se solicita
- Fotocopia dos documentos dos méritos que invoquen os/as aspirantes e que, de acordo co baremo previsto, desexen que se lles teñan en conta.

Non se valorarán aqueles méritos que polo tribunal se considere que non estiveran suficientemente acreditados.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo, é dicir para a práctica das probas de selección e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicarase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección da Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello será o responsable do tratamento destes datos

#### 6.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de 15 días hábiles, declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas cos motivos de exclusión, que se publicará no taboleiro de edictos da corporación e na páxina web do concello, concedéndose un prazo de cinco días hábiles para correccións ou emenda de defectos.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de persoas admitidas

Transcorrido o prazo de reclamacións, deberá tomarse novo acordo estimándoas ou desestimándoas con publicación da lista definitiva no Taboleiro de Anuncios do concello e na páxina web municipal, [www.mugardos.gal](http://www.mugardos.gal)

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

#### 7.- TRIBUNAL CALIFICADOR OU COMISIÓN SELECCIONADORA

O Tribunal cualificador deste proceso selectivo será designado polo Alcalde – Presidente do Concello de Mugardos.

Todos os membros do Tribunal deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas .

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándoo ao Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Igualmente, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos conorra algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da lei 40/2015.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Os tribunais poderán dispoñer da incorporación de asesores/as especialistas para as probas en que así coiden necesario ou conveniente. As persoas asesoras limitaranse ao exercicio das súas especialidades técnicas, en base exclusivamente ás cales colaborarán co respectivo Tribunal.

Os membros do Tribunal que asistan ás sesións do mesmo, percibirán dietas pola súa asistencia na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

Para os efectos do percibo de indemnizacións en concepto de asistencias o tribunal entenderase encadrado na categoría segunda, segundo establece o RD 462/2002, do 24 de maio.

#### 8.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

Na mesma Resolución pola que se aprobe a lista de persoas admitidas e excluídas e se faga pública a constitución do Tribunal Cualificador, sinalarase o lugar, data e hora para o inicio do proceso selectivo.

Os/As aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, excluíndose do proceso selectivo os que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente apreciados polo tribunal.

Os/as aspirantes deben acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI ou pasaporte.

A orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente iniciárase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra "T", de conformidade co establecido na RESOLUCIÓN do 28 de xaneiro de 2022 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 04.02.2022). De non contar aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciárase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

O proceso de selección farase mediante concurso – oposición, a fase de concurso será previa á de oposición de acordo ao artigo 4,c) do RD 896/1991

#### **8.1.- Fase de concurso: ata un máximo de 9 puntos**

Consistirá na valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes no prazo de presentación de instancias.

O baremo de valoración será o seguinte:

**a) Experiencia profesional:** só valorarase a experiencia dos últimos cinco (5) anos. A puntuación máxima neste apartado será de catro (4) puntos

i. Por cada mes de servizos prestados na Administración Pública na mesma categoría de Técnico de información turística (grupo A1 e A2 ou os seus equivalentes): 0,15 puntos por mes completo

ii. Por cada mes de servizos prestados na Administración Pública na categoría de Técnico de información turística (grupo B e C1 ou o seu equivalente): 0,10 puntos por mes completo

iii. Por cada mes de servizos prestados na empresa privada na mesma categoría nos grupos 1 e 2 (0,10 puntos por mes completo) ou nos grupos 3 a 5 (0,5 puntos puntos por mes completo)

Para os efectos de acreditar a experiencia profesional na administración pública os/as aspirantes deberán presentar un certificado de servizos prestados . Para os efectos de acreditar a experiencia laboral na empresa privada os/as aspirantes deberán presentar un informe de vida laboral e copia do contrato de traballo.

**b) Formación Específica:** Puntuación máxima deste apartado será de dous (2) puntos.

Cursos de formación, recibidos e acreditados, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria e que foran convocados, impartidos ou homologados polas Administracións Públicas, Universidades, Colexios profesionais, organizacións sindicais:

a. Cursos de formación recibidos directamente relacionados coa ocupación, realizados con aproveitamento en centros oficiais ou homologados de entre 20 e 50 horas, 0,10 puntos/curso.

b. Cursos de formación recibidos directamente relacionados coa ocupación, realizados con aproveitamento en centros oficiais ou homologados de entre 51 e 99 horas, 0,20 puntos/curso.

c. Cursos de formación recibidos directamente relacionados coa ocupación, realizados con aproveitamento en centros oficiais ou homologados de 100 ou máis horas, 0,30 puntos/curso.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración.

**c) Coñecemento doutros idiomas:** Puntuación máxima deste apartado será de tres (3) puntos.

a. Nivel usuario básico:

i. Nivel A 1: 0,5 puntos

ii. Nivel A 2: 1 punto

b. Nivel usuario independente:

i. Nivel B 1: 1,5 puntos

ii. Nivel B 2: 2 puntos

c. Nivel usuario competente:

i. Nivel C 1: 2,5 puntos

ii. Nivel C 2: 3 puntos

O nivel acreditarase mediante título expedido, e no seu caso homologado, por organismo competente; só se valorará o nivel máis alto e a puntuación outorgada ao nivel superior exclúe a outorgada ao curso inferior

A valoración do concurso publicarase na páxina web do Concello, [www.mugardos.gal](http://www.mugardos.gal), concedendo un prazo improrrogable de dous días para a presentación de reclamacións

### **8.2.- Fase de oposición: (ata un máximo de 16 puntos)**

A fase de oposición consistirá na realización dun exercicio tipo test

**Exercicio tipo test.** De carácter obrigatorio e eliminatorio, consistente en contestar por escrito, no tempo máximo de cincuenta (50) minutos un cuestionario de corenta (40) preguntas tipo test, relacionadas cos temas que figuran no Anexo I

A puntuación máxima será de 16 puntos. Sendo necesario acadar 8 puntos para a súa superación. Cada pregunta correcta puntuará 0,40 puntos e cada resposta errada restará 0,10 puntos. As respostas en branco non penalizarán

O Tribunal incluírá varias preguntas reserva. As preguntas reserva deberán ser contestadas polos aspirantes e utilizaranse para substituír aquelas preguntas do exame inicial que, de ser o caso, fosen anuladas polo tribunal, previo acordo motivado ao respecto. Neste suposto, a pregunta anulada do exame inicial terase por non formulada e será substituída pola primeira pregunta de reserva, e así sucesivamente no caso de que houbera máis dunha anulación

### **Proba de Galego (APTO / NON APTO)**

No caso dos/as aspirantes que non teñan presentado o certificado do coñecemento do galego coa presentación do certificado CELGA 4 ou Perfeccionamento da Lingua Galega, deberán facer un exame tipo test que consistirá en contestar por escrito 10 preguntas no tempo máximo de vinte (20) minutos

A puntuación máxima será de 10 puntos, sendo necesario acadar como mínimo 5 puntos para considerarse APTO. Cada pregunta correcta puntuará 1 punto e cada resposta errada restará 0,30 puntos. As respostas en branco non penalizarán

### **9.- CUALIFICACIÓN FINAL E FORMACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO**

A cualificación definitiva do proceso selectivo será o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo tribunal en cada un dos apartados da cláusula 8ª.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará o nome dos/as aspirantes aprobados/as por orde de puntuación total final, con especificación desta.

Así mesmo, O Tribunal elevará esta relación, coa acta de sesión, ao Alcalde para proceder á formalización dos contratos correspondentes a favor dos/as aspirantes que obtiveran a puntuación total máis alta (O Tribunal cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas). Calquera proposta que inclúa máis nomes que prazas convocadas au contradiga o anteriormente establecido, será nula de pleno dereito.

Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase a lista ou bolsa de traballo baseándose na súa puntuación e por orde decrecente formulando proposta de aprobación da lista ao Alcalde, quen ditará Resolución aprobando a lista que entrará en vigor con carácter inmediato.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, estas resolveranse pola puntuación obtida no exercicio tipo test, se iso non fose suficiente, pola puntuación obtida no apartado da experiencia profesional, e de persistir, pola puntuación obtida nos seguintes apartados de formación.

### **10.- ALEGACIONES**

Os/As candidatos/as disporán dun prazo de tres (3) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do resultado da selección no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Mugardos, para formular as oportunas alegacións que serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello.

### **11.- CHAMAMENTO AOS/ÁS ASPIRANTES**

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter constancia da súa recepción.

Os chamamentos poderanse facer telefonicamente en supostos de urxencia, cando se trate da cobertura dun posto de traballo cuxa non cobertura puidese orixinar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público.

Para poder ser citado mediante o chamamento telefónico os/as interesados/as deberán optar a esta modalidade na súa solicitude de inclusión nas listas; a dita opción será irrenunciable polo/a interesado/a.

Os chamamentos telefónicos faranse entre as 8 horas e as 15 horas, e o/a funcionario/a que os realice fará constar mediante dilixencia a realización de tales chamamentos, e se tiveron ou non resposta.

Para os demais supostos o chamamento efectuarase por medio de telegrama ou calquera outro medio que permita ter constancia da súa recepción polo/a interesado/a.

Os/As que sendo chamados/as para facer efectiva a contratación, non se presentasen no prazo de 48 horas ou renunciases ao mesmo, perderán os seus dereitos, sendo excluídos das listas, agás casos de forza maior debidamente acreditados e apreciados libremente. De producirse este suposto chamarase ao/á seguinte da lista.

#### 12.- SITUACIÓN NA BOLSA DE TRABALLO

Os/As integrantes da bolsa non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que se o contrato para o que son chamados/as finaliza, retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista.

Os/As integrantes da bolsa que, sendo convocados/as para facer efectiva a contratación, non se presentasen ou renunciases a esta sen xustificación suficiente, perderán os seus dereitos quedando excluídos da lista por un ano, debendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo.

#### 13.- CONTRATACIÓNS

Poderán realizarse contratacións temporais para o desempeño de postos de traballo que se atopen vacantes ou non vacantes. Neste último caso será causa abonda a situación de ILT ou vacacións do seu titular. Así como por aumento ou acumulación notorio das tarefas ou traballo da área de turismo que xustifiquen o incremento da contratación de persoal con funcións de Técnico/a de información turística.

Previamente á contratación deberá solicitarse informe de existencia de crédito á Intervención Municipal.

Unha vez comparecera o/a aspirante chamado/a segundo a orde da lista de traballo, por Resolución de Alcaldía procederase á súa contratación para o desempeño do posto de traballo correspondente.

#### 14.- EXTINCIÓN DA BOLSA DE TRABALLO

A bolsa de traballo formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan estas bases extinguirase o 31 de decembro de 2022.

#### 15.- PUBLICIDADE

A publicidade de todos os actos relativos a este procedemento realizarase mediante edictos que se exporán no Taboleiro de edictos e anuncios do Concello de Mugardos e na páxina web do concello, salvo aqueles actos que expresamente se establece nestas bases a súa publicación no BOP

#### 16.- RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

En todo o non previsto expresamente nas presentes bases, serán de aplicación as Bases Xerais para a contratación de persoal laboral temporal do Concello de Mugardos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión do día 20.03.2014, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 59, do 27.03.2014, o Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do estatuto dos Traballadores e demais normas de aplicación.

#### 17.- RESOLUCIÓN DE DÚBIDAS

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para o bo orde do proceso selectivo. En todo o non previsto nestas bases, rexeirá como supletorio o regulamento Xeral do ingreso de persoal ao servizo da Administración do estado de 1995; Real Decreto 896/91, do 7 de xuño e demais normas aplicables.

#### 18.- IMPUGNACIÓN DA CONVOCATORIA E DOS SEUS ACTOS

A presente convocatoria e as súas bases poderán recorrerse mediante a interposición do oportuno recurso. Os actos administrativos derivados da convocatoria e da actuación dos tribunais poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015 do PACAP

Documento asinado electronicamente na data que figura ao marxe

**ANEXO I**

1. O TURISMO. A LEI 7/2011 DE TURISMO DE GALICIA. CONCEPTO LEGAL. ORGANIZACIÓN E COMPETENCIAS DA ADMINISTRACIÓN GALEGA
2. LEI 7/2011 DE TURISMO DE GALICIA. DEREITOS E OBRIGAS DA USUARIA E USUARIO TURISTICO.
3. LEI 7/2011 DE TURISMO DE GALICIA. DOS RECURSOS, ORGANIZACIÓN E CALIDADE TURISTICOS
4. LEI 7/2011 DE TURISMO DE GALICIA. DA ORDENACIÓN DAS EMPRESAS TURISTICAS
5. LEI 7/2011 DE TURISMO DE GALICIA. DAS PROFESÍONS TURISTICAS
6. LEI 7/2011 DE TURISMO DE GALICIA. PROMOCIÓN E FOMENTO DO TURISMO
7. PLAN DIRECTOR 2021-2023. GALICIA DESTINO SEGURO
8. DECRETO 4/2015, DE 8 DE XANEIRO, POLO QUE SE REGULA A DECLARACIÓN DE FESTAS DE INTERESE TURISTICO DE GALICIA
9. HISTORIA DE MUGARDOS
10. O PATRIMONIO DE MUGARDOS: HISTÓRICO, ARTÍSTICO, NATURAL
11. PATRIMONIO INMATERIAL: FESTAS, TRADICIÓNS E GASTRONOMÍA
12. PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE MUGARDOS. CATÁLOGO. MEMORIA (ESTRUTURA TERRITORIAL E ESTUDIO DO MEDIO RURAL)

**ANEXO II**

## MODELO DE INSTANCIA

## CATEGORÍA: TÉCNICO/A DE INFORMACIÓN TURÍSTICA

**1 Datos do/a solicitante.**

Apelidos:			
Nome:			
D.N.I.:			
Enderezo:			
Poboación:		Código Postal:	
Concello:			
Teléfono:			
Nº S. Social:			

2 Solicita a súa inclusión na convocatoria para a cobertura de postos de traballo con carácter temporal de técnico/a de información turística

3 O/a solicitante declara que cumpre cos requisitos recollidas nesta convocatoria .

4 Declaro que autorizo ao Concello de Mugarbos para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web do Concello de Mugarbos, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

5 Documentación que achega (sinalar cun X o que proceda):

- Fotocopia compulsada do DNI
- Relatorio de méritos que alega: Anexo III
- Títulos académicos e profesionais requiridos (fotocopia cotexada)
- Currículo vitae, no que se fará constar a formación e experiencia profesional e documentación acreditativa

6 Opción para chamamento aos/ás aspirantes (sinalar cun X)

- Chamamento telefónico aos números que se indican:

**Fixo:** \_\_\_\_\_ **Móbil:** \_\_\_\_\_

En ....., a ..... de ..... de .....

(Sinatura)

**SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUGARDOS**

De acordo co establecido pola Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, consinto que estes datos sexan incluídos nun ficheiro do que é titular o Concello de Mugarbos e poidan ser empregados coa finalidade de prestarme o servizo solicitado nesta instancia e declaro estar informado sobre os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que poderei exercitar no domicilio social do Concello de Mugarbos na Avda. de Galicia, 45, 15620 Mugarbos (A Coruña). Consinto ademais que os meus datos sexan comunicados a aqueles organismos e/ou empresas que resulte necesario para tramitar o servizo solicitado.



**ANEXO III**

Para os efectos do baremo aplicable para a convocatoria para a contratación laboral temporal de Técnicos/as de información turística, acredita os méritos que deseguido se especifican e xunta a documentación xustificativa dos mesmos:

**I. Datos Personais:**

Apelidos e Nome : .....

D.N.I. : .....

**II. Experiencia profesional e méritos académicos.**

Sinalar na columna da esquerda cunha aspa (X) os que se aleguen e unir os certificados ou xustificantes oportunos, segundo as bases publicadas.

- Por servizos prestados na Administración Pública na mesma categoría ou na de Auxiliar de información turística.
- Por servizos prestados nas empresas privadas na mesma categoría ou na de Auxiliar de información turística.
- Por cursos de formación recibidos directamente relacionados coa ocupación, realizados con aproveitamento en centros oficiais ou homologados.
- Por coñecemento doutros idiomas

En ....., a ..... de ..... de .....

(Sinatura)

De acordo co establecido pola Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, consinto que estes datos sexan incluídos nun ficheiro do que é titular o Concello de Mugaros e poidan ser empregados coa finalidade de prestarme o servizo solicitado nesta instancia e declaro estar informado sobre os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que poderei exercer no domicilio social do Concello de Mugaros na Avda. de Galicia, 45, 15620 Mugaros (A Coruña). Consinto ademais que os meus datos sexan comunicados a aqueles organismos e/ou empresas que resulte necesario para tramitar o servizo solicitado.

Asinado dixitalmente polo Concelleiro de Facenda, Persoal e Participación cidadá do Concello de Mugaros (delegación efectuada pola Resolución da Alcaldía núm. 538/2021, do 24.05.2021), D. José Miguel Mahía Prados, en data 31 de maio de 2022.

2022/3281